



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2021000011133

RESOLUCIÓN NÚMERO 33924 DO 24/08/2021 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2021-ÁREA DE ESTUDOS DE XÉNERO

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

Por resolución da presidencia n.º 30570, do 21 de xullo de 2021, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2021-Área de estudos de xénero e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

No dito prazo non se presentaron desistencias, alegacións ou emendas.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: LEMA ALVARELLOS, PAULA

NIF:***0177**

Expediente: 2021000027018

Título do proxecto obxecto da bolsa: *As cigarreiras da Coruña como símbolo da loita colectiva. Dinámicas e redes de apoio na que foi a maior concentración obreira da Galicia.*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: VIDAL VALIÑA, CARMEN MARINA

NIF:***6755**

Expediente: 2021000024516

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Tolas ou molestas para o patriarcado? mulleres internas no hospital psiquiátrico de conxo (1900- 1936).*

Importe da bolsa: 10.000 €

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220210010521, por importe total de 20.000,00 €

3.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Antelo Alvite, Enia

Suplente 2: Rodríguez González, Celtia

4.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.